

Manifiesto por un Plan Xeral para a Normalización da Lingua participativo

O proceso de normalización da lingua galega debe conformarse como un proxecto social que reúna as vontades e accións da cidadanía e das organizacións e institucións interesadas no desenvolvemento social do galego de forma que se active un proceso participativo, democrático e construtivo que responda a unha planificación política non excluín-te.

Consideramos absolutamente necesaria a elaboración dun Plan para a Normalización da nosa lingua que teña en conta o protagonismo compartido das forzas institucionais, non institucionais e cidadás en xeral.

Observamos que nun proceso de Planificación Lingüística a colaboración de empresas e organizacións especializadas na normalización dunha lingua minorizada en situación de conflito lingüístico é útil e necesaria como un elemento máis de apoio estratéxico mais de forma que non se exclúa o protagonismo da sociedade civil, o diálogo social e a creatividade dos colectivos normalizadores que, desde diferentes sectores, veñen demostrando o seu labor activo e comprometido co desenvolvemento social da lingua.

As entidades e persoas abaixo asinantes pedimos que a realización dun Plan Xeral para a Normalización da Lingua teña como principio axial a participación, sen exclusións, de todos os axentes sociais do noso país.

Diante do proceso escurantista e ambiguo que se está xa a seguir para a elaboración dun PXNL, así como do xeito absolutamente inapropiado en que se está dando a coñecer a existencia deste proceso, os colectivos abaixo asinantes en reunión celebrada en Santiago de Compostela, o 2 de outubro acordamos:

1. Dirixirnos a todas as entidades, organizacións sociais e persoas a título persoal para que se posicionen coa súa sinatura e se sumen á reivindicación dun proceso de elaboración democrático e participativo do Plan de Normalización da Lingua.
2. Solicitar a comparecencia do Presidente da Xunta nunha sesión parlamentaria para explicar e debater as liñas básicas do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, detallando os obxectivos, procedementos, mecanismos de participación, prazos de execución, etc.
3. Solicitar entrevistas co Presidente da Xunta e os grupos parlamentarios para lles transmitir a necesidade dun Plan de Normalización aberto, consensuado e non excluín-te, de todo@s e para tod@s.

COLECTIVOS QUE ASINARON (18/10/2002):

- A Mesa pola Normalización Lingüística
- Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (AS-PG)
- Coordinadora de Traballadores/as de Normalización Lingüística
- CIG-Ensino
- Sindicato de Traballadores do Ensino de Galicia (STEG)
- Servicio de Normalización Lingüística do Concello de Fene
- Galego 21

- Colectivo Bambán de Sociolingüística
- Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)
- Confederación Intersindical Galega (CIG)
- Agrupación de Libreiros de Santiago e comarca
- A Mesa para a Defensa do Galego do Bierzo
- Edicións Positivas
- Asociación Galega de Historiadores (AGH)
- Comites Abertos de Faculdade da Politécnica de Lugo
- Asociación de Músicos en Língua Galega (AMELGA)
- Associação Galega da Língua (AGAL)
- Librería Pedreira
- Sociedade Cultural Medúlio -Ferrol-
- Comites Abertos de Faculdade (CAF)
- Xornal *A Peneira*
- Nova Escola Galega
- Baía Edicións
- Ciberirmandades da Fala
- Comites Abertos de Estudantes (CAE)
- Andar 21. Revista poética
- Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela
- Comité Galego da Axencia Europea para as Línguas Menos Estendidas (EBLUL)

... e centos de persoas máis a título individual.